



# DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA DE ESTABLECIMIENTOS ABERTOS AO PÚBLICO OU ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS/ACTIVIDADES RECREATIVAS



**SOLICITANTE:** nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF  Enderezo  CP

Concello  telefono  e-mail

**REPRESENTANTE:** nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF  Enderezo  CP

Concello  telefono  e-mail

**NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA:** Campos obrigatorios para as persoas obrigadas (artigo 14.2 da lei 39/2015): Persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica. Profesionais de colexiación obrigatoria, no exercicio de súa actividade profesional e quen represente a obrigados a relacionarse de forma electrónica. Persoas físicas non obrigadas: Cubrir soamente se desexa a notificación electrónica. A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquera procedemento posterior que o relacione co Concello de Bueu, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento.

SI  NON  Aviso e-mail:

## DATOS DO ESTABLECIMIENTO ABERTO AO PÚBLICO:

Emprazamento:  Referencia Catastral:  Denominación comercial:

Tipo de espectáculo público/actividade recreativa:

## DECLARA:

Que non son precisas obras de acondicionamento para o desenvolvemento da actividade.

Que remataron as obras necesarias para o acondicionamento do local realizadas con carácter previo ao inicio da actividade, comunicadas ou con licenza previa, expediente núm.  axustándose as súas determinacións como consta no certificado de fin da obra asinado por técnico competente achegado, sen prexuízo das comprobacións administrativas que procedan.

**DATA DE APERTURA/CELEBRACIÓN DO ESPECTÁCULOS PÚBLICO/ACTIVIDADES RECREATIVA:**

## DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e en todo caso:

- que son certos os datos que figuran na presente declaración.
- que cumpre cos requisitos esixibles na normativa vixente para acceder ao recoñecemento do dereito ao exercicio da mencionada actividade.
- que se compromete a manter o seu cumprimento durante o tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio da actividade.
- que achega toda a documentación preceptiva.
- que cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio. Ademais, contará cunha copia desta declaración a disposición dos servizos de inspección municipais,
- que, naqueles casos nos que se trate dunha actividade continuada, axustarase ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

## DOCUMENTACION ESIXIBLE:

- O documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo aberto ao público en calidade de propietarios/ as ou arrendatarios/ as ou en virtude de calquera outro título xurídico.
- A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatoria, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos.
- Declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, no seu caso, subscribida por un técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación. Cando NON se realizaran obras, ademais da comunicación e da certificación técnica, presentárase a seguinte documentación, asinada polo técnico:
  - Memoria explicativa e descritiva (das características do local e da actividade) e xustificativa do cumprimento da normativa e de todos os requisitos técnicos e administrativos.
  - Documentación gráfica:
    - Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da parcela.
    - Planos de planta, alzado e sección, a escala non menor de 1:100, con situación das instalacións e da maquinaria.
  - Reportaxe fotográfica.
  - Autorización ou declaración ambiental que proceda.
  - No seu caso, certificación do cumprimento da normativa acústica por empresa homologada.
- O documento acreditativo asinado polo/a interesado/a de a designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos esixibles
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- Fotocopia do DNI, NIF.
- No seu caso, xustificante de alta no IAE.
- No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013.
- Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso acompañar, xunto coa documentación xa indicada, a documentación sinalada no apartado 2.c) do artigo 40 da Lei 9/2013.
- Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procedese. Unha vez terminada a obra, presentárase a declaración responsable para o inicio da actividade.



# DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA DE ESTABLECIMIENTOS ABERTOS AO PÚBLICO OU ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS/ACTIVIDADES RECREATIVAS



Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

## Información básica sobre protección de datos persoais:

Responsable	Concello de Bueu
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <a href="https://bueu.sedelectronica.gal/privacy">https://bueu.sedelectronica.gal/privacy</a>

**AUTORIZA** aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á instancia presentada.

Bueu, a de de 20

Sinatura de quen declara e solicita:

## ACTIVIDADES SUXEITAS:

Pode vostede utilizar este impreso para declarar o inicio/celebración de calquera espectáculo público ou actividade recreativa, ou a apertura dun establecemento aberto ao público adicado a elas, sometidos ao réxime de declaración responsable de acordo co sinalado nos artigos 40 e seguintes da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, de acordo co disposto no Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, coas seguintes excepcións:

- A apertura de establecementos nos que se desenvolvan calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, sometida ao réxime de comunicación previa.
- A apertura de establecementos nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas cunha capacidade superior a 500 persoas ou que presenten unha especial situación de risco de conformidade co disposto na normativa técnica vixente, que estarán suxeitos a licenza municipal.
- A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias sempre que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable, que estarán suxeitos a licenza municipal.
- A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma, conforme ao procedemento que regulamentariamente se establece (*DECRETO 98/2020, do 2 de xullo polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia*).
- A celebración dos espectáculos e festexos taurinos, que se rexerán pola súa normativa específica.
- A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de licenza municipal ou autorización autonómica.

Debera especificar se non foron necesarias obras ou se finalizaron as previamente autorizadas ou comunicadas co fin de poñer en marcha unha nova actividade (ou co de modificar substancialmente unha actividade previamente autorizada/declarada/comunicada). Para utilizar os edificios de nova planta ou que foran obxecto dunha reestruturación xeral será preciso obter, antes de presentar este impreso, a licenza de primeira ocupación.

De conformidade co artigo 40.5 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a declaración responsable presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela. A presentación da declaración responsable co conseqüente efecto de habilitación, non prexulgará en modo algún a situación e o efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control que á administración lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso.

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 40.6 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e demais normativa de aplicación: "A inexactitude, a falsidade ou a omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas". Así mesmo, "A resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar a un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo de entre tres meses e un ano".

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 40.7 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e demais normativa de aplicación: "A persoa titular do establecemento ou organizadora do espectáculo público ou actividade recreativa haberá de comunicar á Administración competente as modificacións non substanciais, no prazo de quince días desde que tivese lugar. Con todo, en caso de cambio de titularidade, a comunicación, acompañada da documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberá efectuarse con anterioridade ao desenvolvemento da actividade polo/a novo/a titular. Será necesaria a presentación de declaración responsable nos termos previstos neste precepto en caso de modificación substancial. En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa ou espectáculo público, o cambio de lugar, a realización dunha reforma substancial dos establecementos ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigo do establecemento aberto ao público se así é declarado no informe técnico correspondente".